

ACTA

En Arzúa, a 14 de outubro de 2015.

Sendo as 10.10 horas, reúnen-se no Salón de Comisións da Casa do Concello de Arzúa, os membros integrantes do Tribunal Cualificador, que valorará a **proba teórica** de que consta a oposición convocada para poder levar a cabo a contratación laboral temporal a xornada parcial, durante o curso lectivo 2015-2016, de oito profesores de música, para desempeñar o posto de traballo de profesor do Conservatorio profesional de Música e na Escola Municipal de Música de Arzúa (ubicado na Casa da Cultura), nas seguintes especialidades: Guitarra, Percusión, Piano, Tuba/Trombón, Trompa/Trompeta, Contrabaixo/Violonchelo, Violín/Viola e de Canto; cuxa proba consistirá na exposición e explicación da unidade didáctica presentada por cada un dos aspirantes que compareceron a realizar este exercicio, a que se refire a Base Sexta apartado 2 nº 2, das aprobadas para rexir a oposición; acordándose esta contratación a través das Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 18 de agosto de 2015, que foron modificados por outro acordo adoptado tamén pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 26 do mesmo mes de agosto.

Asisten a dito acto os seguintes membros do Tribunal Cualificador:

* Presidente: D. Mateo Arnaiz Rodríguez, profesor de guitarra no Conservatorio profesional de música de A Coruña.

* Vogais:

- Dona Carmén María Ferreiro Soto, profesora de frauta traveseira no Conservatorio profesional de música de Santiago de Compostela.

- Don Ricardo Olivet Sorera, músico integrante da Banda Militar de música de Marín na especialidade de tuba.

- Dona Blanca Bello Sobral, profesora de música no Instituto de Educación Secundaria "Francisco Aguiar" de Betanzos.

* Secretario: Juan Colmenares López-Soldado, secretario do Concello de Arzúa.

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución do Tribunal Cualificador, -de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común-; o presidente procedeu a declarar constituído dito Tribunal, dispoñendo seguidamente que se ía proceder a comprobar a elaboración das unidades didácticas presentadas polos aspirantes admitidos neste proceso de selección.

Coñecido por todos os aspirantes que compareceron a realizar este primeiro exercicio da oposición:

a) Que a orde que se ía a seguir, para que os aspirantes expuxeran e explicaran as súas unidades didácticas, durante un tempo de quince minutos, sería o mesmo que o

de presentación das súas instancias no Rexistro Xeral do Concello (solicitando tomar parte neste proceso de selección), cuxo orde é o que figura detallado na resolución do alcalde polo que se aprobou a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos neste proceso de selección, que foi publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello o día 9 de outubro de 2015 e na páxina web do Concello ese mesmo día.

b) Que, unha vez realizada a exposición e explicación de cada unidade didáctica, o Tribunal Cualificador poderá formular preguntas de carácter técnico aos aspirantes sobre a unidade didáctica exposta, conforme se indica na Base Sexta nº 2 apartado 1 das que rixen o proceso de selección.

Deseguido chamouse polo orde xa indicado asos aspirantes que se atopaban fóra do Salón de Comisións, para que realizaran sucesivamente a exposición das unidades didácticas que presentaran.

Rematadas as exposicións e explicacións das unidades didácticas, previstas para ser realizadas durante a mañá do día de hoxe, en concreto por parte de catorce aspirantes dos dezaseis que foran convocados para realizar esas exposicións desde as 10 horas ata as 13,30 horas, empezando polo aspirante don Marcos Claudio Balado Seoane, e rematando co aspirante don Iván Fernández Souto, (posto que non compareceron os aspirantes don Juan Carlos Vázquez Otero e don Gerardo Ramallo Couce); o Tribunal Cualificador decidiu interromper a sesión, as 14.45 horas, para ir comer.

Sendo as 16.10 horas reanudouse a sesión, chamando sucesivamente aos doce aspirantes que foran convocados para realizar a exposición das súas unidades didácticas durante a xornada da tarde, empezando polo aspirante don Moises Gestal Rey e rematando coa aspirante dona Marta Prado Gesto (non comparecendo os aspirantes don Iván Pantín Vázquez e dona Marta Prado Gesto).

Rematadas as exposicións da tarde, os membros de Tribunal Cualificador procederon a ordenar e contrastar as anotacións que sucesivamente foron tomando durante a exposición de cada aspirante.

Efectuado o cal, outorgáronse as puntuacións que deseguido se indican:

Nome e apelidos	Fase oposición
Marcos Claudio Balado Seoane (violín/viola)	7,5
Diego Manuel González Mato (trompeta)	7,3
José Manuel Canosa Carballo (contrabaixo-violonchelo)	6,5
Olalla Canoura López (violín)	7
Alfonso del Río Otero (trompeta)	6
Juan Carlos Vázquez Otero (violín/viola)	Non compareceu
David López López (violín/viola)	7
Adrián Real López (trompa/trompeta)	7
Rubén González Castro (tuba/trombón)	8
Gerardo Ramallo Couce (piano)	Non compareceu
Francisco Javier Loureiro Buján (guitarra)	5
Montserrat Expósito Cao	5
Xavier Fernández Rodríguez (violín/viola)	6
Carlos Fernández García (piano)	7,4
Santiago Gómez Fuentes (trompa/trompeta)	8

Iván Fernández Soto (piano)	6,7
Moisés Gestal Rey (violín/viola)	6,75
Iván Pantín Vázquez (tuba/trombón)	Non compareceu
Ricardo Rodríguez Morente (violín/viola)	8,5
Rafael Carrasco del Pozo (violín/viola)	5
Elena Gómez Ladrón de Guevara (violín/viola)	7,5
Juan Antonio Rodríguez Outeda (percusión)	6
Alfonso Calvo Méndez (contrabaixo-violonchelo)	5,25
Germán Agulló Albors (percusión)	8
Raúl Ramos Fernández (trompeta)	5
Manuel Varela Pereira (tuba-trombón)	6
Pablo Emilio Santaclara Ríos (tuba/trombón)	5,5
Marta Prado Gesto (percusión)	Non compareceu.

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas a cada aspirante, comprobando de novo as anotacións que apuntara cada membro do Tribunal Cualificador, adoptáronse –por unanimidade dos catro membros con dereito a voto- os seguintes acordos:

Primeiro: Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos vinte e catro aspirantes presentados, e publicar tanto no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, como na páxina web, unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico, da oposición convocada.

Segundo: Facer saber que a Base 6ª nº 2 punto 1 das que rixen a oposición, establece que o aspirante que non obtivese unha puntuación mínima, de 5 puntos, nesta proba teórica quedaría eliminado; polo que, en consecuencia coas puntuacións outorgadas a cada aspirante, ningún –dos vinte e catro aspirantes que compareceron a realizar esta proba teórica- quedou eliminado; pero si quedaron eliminados os seguintes catro aspirantes que non compareceron a realizar a proba: Juan Carlos Vázquez Otero (violín-viola), Gerardo Ramallo Couce (piano), Iván Patín Vázquez (tuba-trombón) e Marta Prado Gesto (percusión).

Terceiro.- Convocar aos vinte e catro aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que comparezan a realizar o exercicio práctico da oposición o vindeiro día 21 de outubro (mércores) as 16.00 horas, no salón de actos da casa da cultura, que forma parte tamén do Conservatorio profesional e da Escola Municipal de música de Arzúa, sito na rúa Santiago, nº 60 de Arzúa; cuxo exercicio consistirá na interpretación dunha obra musical de libre elección, seguindo para iso o orde alfabético de apelidos dos vinte e catro aspirantes, que sería o seguinte:

Apelidos e nome
1. Agulló Albors, Germán (percusión)
2. Balado Seoane, Marcos Claudio (violín/viola)
3. Calvo Méndez, Alfonso (contrabaixo-violonchelo)
4. Canosa Carballo, José Manuel (contrabaixo-violonchelo)
5. Canoura López, Olalla (violín)
6. Carrasco del Pozo, Rafael (violín/viola)

7. Del Rio Otero, Alfonso (trompeta)
8. Expósito Cao, Montserrat (canto)
9. Fernandez García, Carlos (piano)
10. Fernández Rodríguez, Xavier (violín/viola)
11. Fernández Soto, Iván (piano)
12. Gestal Rey, Moisés (violín/viola)
13. Gómez Fuentes, Santiago (trompa/trompeta)
14. Gómez Ladrón de Guevara, Elena (violín/viola)
15. González Castro, Rubén (tuba/trombón)
16. González Mato, Diego Manuel (trompeta)
17. López López, David (violín/viola)
18. Loureiro Buján, Francisco Javier (guitarra)
19. Ramos Fernández, Raúl (trompeta)
20. Real López, Adrián (trompa/trompeta)
21. Rodríguez Morente, Ricardo (violín/viola)
22. Rodríguez Outeda, Juan Antonio (percusión)
23. Santaclara Ríos, Pablo Emilio (tubo/trombón)
24. Varela Pereira, Manuel (tuba/trombón)

Facendo saber aos aspirantes que comparezan a realizar ese exercicio práctico:

- a) Que a duración máxima da interpretación da obra musical será de cinco minutos.
- b) Que deberán entregar ao Tribunal Cualificador unha fotocopia da partitura no momento anterior a súa interpretación.
- c) Que dito exercicio será valorado cunha puntuación máxima de 5 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 2,5 puntos para non quedar eliminado.

Co cal douse por rematado o acto, as 19.34 do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscriba polos membros do Tribunal Cualificador e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.